



**FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE  
MEDICINA XENÓMICA**

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**



## I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2024 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

### I.1. Descrición da entidade

Segundo dispón o Decreto 12/2009, de 8 de xaneiro, da Consellería de Sanidade, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia, a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (FPGMX) figura inscrita no Rexistro co número C-15-001208 (oferta asistencial: U.78 – XENÉTICA).

A fundación ten por misión a realización de actividades de promoción e protección da saúde dos galegos (garantindo o acceso en condicións de equidade a probas xenómicas que sexan de utilidade), así como ser instrumento de apoio á atención sanitaria pública a través do uso de soportes tecnolóxicos para atender á crecente importancia da medicina xenómica no diagnóstico e tratamento de múltiples enfermidades, especialmente nas relacionadas coa herdanza xenética e o cancro.

Na actualidade estase a producir unha transformación global do sector sanitario na que é determinante a conxunción de tres vectores: a capacidade que as tecnoloxías ofrecen ás persoas para a obtención de información, o impacto destas tecnoloxías na prestación dos servizos e as posibilidades asociadas á recollida, intercambio e análise masivo dos datos recollidos en todos os procesos. Isto implica a necesidade de impulsar iniciativas integradoras e multidisciplinares no ecosistema da saúde, aproveitando as sinerxias que poidan derivarse da investigación e garantindo así a sostibilidade do sistema.

Cómpre orientar as liñas de acción a desenvolver polo sistema de saúde cos obxectivos desta transformación co fin de acadar un mellor diagnóstico e tratamento das diferentes enfermidades (entre outras, o cancro e as enfermidades raras) e garantindo a igualdade de acceso aos servizos sanitarios de alta calidade para todas as persoas.

Con este horizonte formulouse polo Sistema Nacional de Saúde (SNS) no exercicio 2022, o “Programa de desenvolvemento de medidas para mellorar a eficiencia e a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde (SNS): consolidación da medicina personalizada de precisión no SNS” que contempla entre as súas actuacións, a actualización e ampliación da infraestrutura para os centros sanitarios na consolidación da medicina personalizada de precisión permitindo adaptar dun xeito máis individualizado o diagnóstico e as medidas terapéuticas ou preventivas. Trátase de adecuar o progreso do sistema sanitario ás esixencias da sociedade actual, mediante políticas de innovación orientadas á atención sanitaria 5P (Poboacional, Preventiva, Preditiva, Personalizada e Participativa).

Baixo esta perspectiva, atendendo ás características da fundación e á natureza das actividades que desenvolve, contemplamos as súas actuacións en materia de política sanitaria desde a óptica do desenvolvemento científico e económico: en termos de beneficios de saúde, de equidade e de utilización axeitada e eficiente dos recursos.

A Instrución 8/2018 do Servizo Galego de Saúde e o Contrato-Programa SERGAS/ FPGMX, establecen as competencias e as características da prestación de servizos da fundación ao sistema público galego de saúde no eido da medicina xenómica. A súa liña estratéxica de actuación responde a unha oferta crecente de servizos e de solucións eficaces na liña da atención sanitaria 5P proposta.

Os obxectivos formulados polas distintas políticas públicas nesta materia requiren da asignación de recursos para o seu cumprimento. Nesta previsión de ingresos e gastos, referir o Plan Económico-Financeiro e de Reequilibrio da fundación para o período 2022-2024 (acordo de Padroado FPGMX do 28 de nadal de 2022) e que se fundamenta en:

- Garantir a estabilidade orzamentaria e a sostibilidade financeira da entidade.
- Restablecer o patrimonio neto da fundación tras o impacto derivado do déficit estrutural 2021 da entidade.
- Contar cunha previsión de equilibrio ou superávit estrutural nos exercicios 2022-2023-2024 mantendo o principio económico de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos.
- Dotar á entidade dos recursos estruturais precisos, tanto tecnolóxicos coma humanos, co fin do desenvolvemento ordinario das actividades encomendadas.

A fundación para dar cumprimento á súa misión e ao mandato do Servizo Galego de Saúde desenvolve, no eido actual da medicina personalizada de precisión, as seguintes actividades: asistencial, de investigación e de divulgación.

A. Actividade asistencial FPGMX: os servizos asistenciais SERGAS prestaranse pola fundación de acordo ás peticións de análises xenéticas procedentes dos seus centros hospitalarios e ao abeiro de Contrato-programa 2022-2023 aprobado por Consello da Xunta o 31 de marzo de 2022. Transcorrido o prazo de vixencia o contrato programa prevé a posibilidade da súa prórroga por períodos anuais ata un máximo de dúas anualidades e sempre que se dispoña da consignación orzamentaria axeitada e suficiente.

A carteira de servizos asistenciais da FPGMX contemplada no citado Contrato-programa é un instrumento dinámico que revisa e actualiza as súas prestacións incorporando progresivamente á asistencia sanitaria técnicas e tecnoloxías novidasas con evidencia científica demostrada. Contempla as seguintes determinacións:

a) Análises xenéticas diagnósticas:

- Detección de anomalías no material xenético con fins diagnósticos en pacientes con signos ou síntomas de calquera enfermidade ou trastorno xenético.

b) Análises xenéticas presintomáticas:

- Detección de anomalías no material xenético en persoas asintomáticas que permitan determinar o risco a desenvolver unha determinada enfermidade.

c) Análises xenéticas de portadores:

- Detección de anomalías coñecidas no material xenético de persoas con risco elevado de ser portador dunha determinada enfermidade ou trastorno xenético.

d) Análises xenéticas para diagnose prenatal:

- Detección de anomalías coñecidas no material xenético de fetos con risco elevado de ser portador dunha determinada enfermidade ou trastorno xenético.
- Diagnóstico de anomalías cromosómicas no material xenético de fetos en embarazos con risco.

e) Análises xenéticas para test prenatal non invasivo:

- Cribado de aneuploidías no material xenético do feto, obtido a partir do sangue materno de muller xestante.

f) Análises para diagnose xenética preimplantacional (DGP):

- Identificación dos preembrións non afectados e que serán transferidos mediante técnicas de reprodución humana asistida. Realízase en preembrións con alto risco de padecer enfermidades ou trastornos de base xenética grave, de aparición precoz e non susceptible de tratamento curativo ao abeiro dos coñecementos científicos actuais.

g) Análises farmacoxenéticas e farmacoxenómicas en liña xerminal:

- Detección de variacións no material xenético en pacientes a tratamento ou candidatos a tratamento con calquera fármaco incluído na prestación farmacéutica de SNS cuxa ficha técnica inclúa como necesario ou aconsellable a análise xenética.

h) Análises xenéticas en onco-hematoloxía:

- Detección de anomalías xenéticas somáticas en pacientes con signos ou síntomas de enfermidades onco-hematolóxicas sempre que a relación causal entre os mesmos e a enfermidade teña validez analítica e clínica sustentada en evidencia científica e que poidan ser identificadas mediante cariotipo de células tumorais ou técnicas moleculares.

i) Asesoramento xenético:

- Información á persoa sobre as posibles consecuencias para ela ou a súa descendencia dos resultados dunha análise ou cribados xenéticos, as súas vantaxes e riscos e, no seu caso, o asesoramento en relación coas posibles alternativas derivadas da análise. Ten lugar antes e despois da proba ou cribado e incluso en ausencia dos mesmos. A transmisión da información do estudo xenético implica adecuala ao nivel de comprensión do paciente, especialmente en situacións complexas como a existencia de achados incidentais ou a presenza de variacións con significado clínico incerto.

B. No eido da investigación realizada pola fundación referir tanto a actividade de investigación propia (recursos xestionados maioritariamente pola Fundación FIDIS) como a de investigación científico-técnica, derivada da sucesión na titularidade da FPGMX do centro de xenotipado da USC (Cegen) como unha unidade produtiva autónoma e completa (acordo formalizado en data 31 de xaneiro de 2022). Salientar a importancia e trascendencia da conservación do CEGEN como recurso nas estruturas públicas de investigación, factores que motivaron garantir a súa viabilidade e futuro favorecendo así a conservación do tecido investigador.

A transmisión da titularidade do CEGEN-USC como unidade produtiva autónoma con identidade económica propia, organizada, estruturada (á que se adscribe unha infraestrutura material e persoal individualizable para a realización da singular actividade dentro da FPGMX), supuxo un impacto tanto na estrutura de persoal coma nos estados contables da Fundación namentras non implicou incremento do gasto público, nin efectos significativos nas restricións á competencia e/ou no impacto de xénero.

A fundación aplica, dun xeito transversal a todas as súas actividades, directrices en materia de igualdade de xénero e diversidade. Referir neste ámbito o I Plan de Igualdade FPGMX 2022-2024 (Código de Convenio número 15101992112022) con vixencia dende o 1 de xuño de 2022 ata o día 30 de novembro de 2024.

### 1.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRIPCIÓN EIXO
E1	0 reto demográfico

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E1	PA.1.4	Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade.

○ contrato-programa SERGAS/FPGMX establece como liña de actuación estratéxica, consonte ao eixo e as prioridades de actuación do SERGAS e ao Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, a seguinte:

- Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade

---

Como obxectivos estratéxicos da FPGMX sinalar:

I. Recursos e Actividade: Satisfacción da demanda asistencial para a realización de probas xenéticas no SERGAS.

Ser un modelo de práctica clínica orientado ás persoas.

II. Calidade: Compromiso coa calidade e mellora continua.

Introducir estándares de calidade e de xeneralización de boas prácticas (estandarización, xeración de información de calidade, formación e asesoramento).

III. Sistemas de Información: Integración e coordinación cos sistemas programa da información do SERGAS.

Procurar o desenvolvemento dun modelo sostible das tecnoloxías e a información así como a súa inclusión e integración axeitada no sistema sanitario galego.

IV. Visibilidade da FPGMX.

Implantar estratexias de comunicación relacionadas cos obxectivos institucionais.

V. Xestión do coñecemento, investigación e innovación.

Compartir a información, as experiencias e os coñecementos individuais e colectivos referindo o importante papel da investigación básica e clínica no eido das ciencias da saúde e cun carácter translacional á práctica asistencial neste senso.

VI. Xestión eficiente dos recursos: persoas, tecnoloxía e outros recursos.

Xestionar os recursos e capacidades existentes (infraestruturas de secuenciación masiva e CEGEN, análise de grandes volumes de datos, estandarización e interoperabilidade, marco ético, social....) para dar resposta ás necesidades da medicina xenómica no Sistema Público de Saúde.

Executar, no ámbito da Contratación pública, o Plan de Contratación anual da entidade incorporando nos expedientes de contratación, dun xeito transversal, os criterios sociais, ambientais, de igualdade e diversidade ao tempo que se dá cumprimento ao Plan de Prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da fundación.

Os diferentes expedientes de contratación FPGMX (subministracións e servizos) están vencellados tanto ás áreas funcionais de actividade asistencial e técnica de análise realizada como ás de investigación científico/técnica desenvolvidas e refiren, entre outros:

- Subministracións segundo protocolos validados para estudos de diagnóstico xenético molecular de alteracións hereditarias (obxectos dos expedientes segundo técnica de análise realizada).
- Subministracións segundo protocolos validados para estudos de diagnóstico xenético de alteracións xenéticas en células somáticas (obxectos dos expedientes segundo técnica de análise realizada).
- Subministracións segundo protocolos validados para estudos de farmacoxenética.
- Subministracións de material común de laboratorio.
- Servizos de soporte e mantemento das diferentes infraestruturas tecnolóxicas e equipamento FPGMX.
- Outros servizos ordinarios e de apoio da entidade: prevención de riscos laborais, microinformática, acceso a bases de datos, almacenamento de mostras biolóxicas, LIMS do laboratorio, etc.

### I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2024	2025	2026
OE04	Aumentar a eficiencia financeira do sistema sanitario e mellorar a xestión do capital humano e a satisfacción dos profesionais, a través dunha xestión orientada a resultados.	8.112.047	8.098.228	8.112.016
<b>TOTAL</b>		<b>8.112.047</b>	<b>8.098.228</b>	<b>8.112.016</b>

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2024	2025	2026
0002	Xestionar, impulsar e contribuir á mellora no acceso á medicina xenómica de persoas e/ou familias afectadas ou con sospeita de padecer enfermidades de base xenética.	8.112.047	8.098.228	8.112.016
0003	Xestionar e fortalecer a capacidade técnica e tecnolóxica no eido da medicina xenómica galega.			
<b>TOTAL</b>		<b>8.112.047</b>	<b>8.098.228</b>	<b>8.112.016</b>

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2024	2025	2026	UNIDADES
Axend	IV. Axenda de visibilidade da FPGMX	1	1	1	Axenda
CEGEN	VI.B. Servizos CEGEN.científico-técnicos	60	60	60	Prestación servizos realizada
Colab	V.D. Colaboración con outras institucións	2	2	2	Acción colaborativa
Difus	V.B. Participación na difusión da m.xenómica	5	5	5	Actividade difusión
Estudo	VI.A. Nº estudos Contrato-programa SERGAS	34.190	34.190	34.190	Estudo realizado



INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	2024	2025	2026	UNIDADES
Ext.Q	II.A. Participación programas externos calidade	16	16	16	Programa avaliador
Fom.Q	II.B. Actividades fomento da cultura da calidade	2	2	2	Actividade
Inform	V.A. Accións de información á cidadanía	2	2	2	Acción informativa
PeteI	III. Nº peticións electrónicas recibidas de SERGAS	5.000	5.000	5.000	Petición electrónica
RERGA	I.C. Nº casos RERGA	300	300	300	Caso confirmado diagn.xenético
Sesión	I.B. Asesoramento xenético: sesións	68	68	68	Sesión asesoramento (pre/post)
Formac	V.C. Participación en accións formativas	2	2	2	Actividade formativa
Guía	II.C. Novas guías e adecuación de procedementos	2	2	2	Documento guía/procedemento
NovoE	I.A. Carteira Servizos: estudo incorporado	3	3	3	Estudo novo implantado
ProxI	V.E.1 Nº Proxectos investigación concedidos	3	3	3	Proxecto Investigación
Publ	V.E.2 Nº Publicacións indexadas investigación	35	35	35	Publicación

Para cada obxectivo estratéxico (OE) inclúense con maior concreción os obxectivos operativos (OO) así como a descrición dos indicadores (IND) relacionados.

I. (OE) Recursos e Actividade:

I. A. (OO) Continuar adaptando a carteira de servizos da Fundación ás necesidades da actividade asistencial de acordo coas liñas de actuación contempladas neste contrato-programa.

(IND) Número de novos estudos incorporados á carteira de servizos.

I. B. (OO) Consolidar a implantación da sistemática para satisfacer a crecente demanda de asesoramento xenético inherente á realización de probas xenéticas.

(IND) Número de sesións de asesoramento xenético (pre/post).

I. C. (OO) Continuar a colaboración co Rexistro Galego de Pacientes con Enfermidades Raras (RERGA).

(IND) Número de pacientes con diagnóstico confirmado-RERGA.

II. (OE) Calidade:

II. A. (OO) Completar os cambios necesarios na organización e a implantación dos requirimentos de cara a acreditación baixo a "Norma ISO 15189 Laboratorios clínicos, requisitos particulares para a calidade e competencia".

(IND) Número de programas externos de calidade nos que participa a Fundación.

II. B. (OO) Impulsar actividades enfocadas a fomentar a cultura da calidade.

(IND) Número de actividades dirixidas ao fomento da cultura da calidade (sesións informativas a traballadores e usuarios dos servizos, grupos de traballo para análise de oportunidades de mellora, revisións do sistema da calidade).

II.C. (OO) Elaborar guías, procedementos e recomendacións dirixidos aos profesionais, sobre a aplicación das técnicas e recursos de axuda a pacientes e ás súas familias.

(IND) Número de guías elaboradas e/ou adecuación de procedementos ou recomendacións para os profesionais da saúde respecto da aplicación das técnicas e recursos de axuda a pacientes e familias.

III. (OE) Sistemas de Información:

III.A. (OO) Desenvolver o Plan de Sistemas de Información da FPGMX (en colaboración co SERGAS).

III.B. (OO) Completar a implantación da petición electrónica en todos os hospitais, mellorando a solicitude de probas diagnósticas, a trazabilidade e a comunicación cos solicitantes.

III.C. (OO) Mellorar a accesibilidade á información e a integración nos sistemas.

(IND) Número de peticións electrónicas recibidas das respectivas áreas de saúde do SERGAS.

IV. (OE) Visibilidade:

IV.A. (OO) Impulsar a visibilización da Fundación como axente institucional para contribuír a potenciar o seu valor a partires da súa socialización e divulgación en diferentes espazos (axenda de visibilidade).

(IND) Axenda de visibilidade: Índice de referencias escritas e/ou audiovisuais da Fundación nos diferentes espazos de divulgación (revistas especializadas, medios de comunicación,...) como entidade referente no seu campo.

V. (OE) Coñecemento, investigación e innovación:

V.A. (OO) Prover información e coñecementos aos cidadáns.

(IND) Número de actividades de información destinadas a colectivos ou asociacións de pacientes.

V.B. (OO) Continuar a difusión das actividades relacionadas coa xenómica, así como as actividades, programas, logros e avances, realizados pola Fundación.

(IND) Número de actividades de información destinadas ao público en xeral e, en particular, aos colexios e institutos (charlas, visitas guiadas á Fundación,...).

V.C. (OO) Colaborar na formación dos profesionais no eido do diagnóstico xenético, a través de programas formativos.

(IND) Número de accións formativas nas que participa a Fundación (alumnos en formación, traballos fin de máster tutelados, residentes,...).

V.D. (OO) Reforzar as relacións de colaboración con outros centros e institucións.

(IND) Número de accións de colaboración desenvolvidas mediante Acordos e/u Convenios subscritos.

V.E. (OO) Continuar promovendo o desenvolvemento dunha medicina xenómica competitiva en Galicia e a súa integración nas redes nacionais e internacionais existentes, tanto no eido clínico coma no da investigación molecular.

(IND) Número de proxectos de investigación concedidos en convocatorias públicas competitivas e/ou privadas.

(IND) Número de publicacións indexadas no eido da investigación.

VI. (OE) Xestión eficiente dos recursos:

VI.A. (OO) Dar resposta ás necesidades da encomenda do Servizo Galego de Saúde segundo as condicións pactadas, xestionando os recursos persoais e tecnolóxicos dun xeito eficiente e respectando os indicadores de calidade na prestación dos servizos.

(IND) Número de estudos totais realizados ao abeiro do Contrato-Programa SER-GAS/FPGMX.

VI.B. (OO) Garantir a calidade na prestación dos servizos asistenciais

(IND) Porcentaxe de solicitudes que presentan incidencias na fase pre-analítica (< 1,5%).

Descrición: Mide a porcentaxe de solicitudes recibidas nas que se detectan incidencias (información incompleta respecto do paciente e/ou o estudo a solicitar, tubo equivocado ou mostra insuficiente, duplicidade da solicitude do estudo,...).

Fórmula:  $(N^{\circ} \text{ solicitudes con incidencias} \times 100) / N^{\circ} \text{ solicitudes totais}$ .

(IND) Desempeño nos exercicios de avaliación externa da calidade (> 90%).

Descrición: Mide a desempeño da actividade (procesos do laboratorio e conformidade dos resultados) mediante a participación nos programas de avaliación externa da calidade.

Fórmula:  $(N^{\circ} \text{ de avaliacións externas de calidade satisfactorias} \times 100) / N^{\circ} \text{ total de avaliacións externas efectivamente realizadas}$ .

(IND) Grao de satisfacción dos usuarios relacionado coas sesións de asesoramento xenético (>50 %).

Descrición: Mide o grao de satisfacción dos usuarios dos servizos de asesoramento xenético mediante enquisa realizada ao efecto.

Fórmula :  $(N^{\circ} \text{ de pacientes satisfeitos} \times 100) / N^{\circ} \text{ total de pacientes participantes na enquisa de asesoramento xenético}$ .

VI.B. (OO) Garantir a calidade na prestación dos servizos de investigación científico-técnica.

(IND) Número de prestacións de servizos realizadas á comunidade científica.

## I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2024	CONCELLO
Automatización e actualización plataformas medicina xenómica	2.012	2.026	2.958.835		1538078
Consolidación da medicina personalizada de precisión	2.023	2.024	265.000		1538078
		<b>TOTAL</b>	<b>3.223.835</b>	<b>0</b>	

A adaptación tecnolóxica da fundación ven sendo ao longo do noso percorrido a premisa básica para acadar unha mellora constante na prestación dos servizos.

Este proxecto de actualización continuada tamén se contempla entre as actuacións do Plan 5P do SNS. Refire, neste senso, a implantación das novas tecnoloxías e equipamento necesario co fin de materializar a carteira común de servizos do SNS na área das enfermidades de base xenética.

O proxecto plurianual de investimentos da entidade inclúe, entre outros:

- adquisición no exercicio 2021 dun secuenciador de nova xeración, 1.200.000 €, recursos aportados pola Fundación Amancio Ortega Gaona mediante doazón. O investi-

mento permitiu o incremento da capacidade da entidade para a secuenciación de paneis e exomas.

- cesión de uso pola fundación do equipamento da unidade productiva CEGEN tras Acordo de sucesión da titularidade CEGEN/USC na FPGMX.

### I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA	2.736.780	5.375.268	0
<b>TOTAL</b>	<b>2.736.780</b>	<b>5.375.268</b>	<b>0</b>

### I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

#### I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

#### INGRESOS

#### Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2024	2025	2026
Actividade asistencial ordinaria	50.000	50.000	50.000
Actividade científico-técnica CEGEN/ FPGMX	846.550	846.550	846.550
Outros ingresos xestión	1.000	1.000	1.000
<b>TOTAL</b>	<b>897.550</b>	<b>897.550</b>	<b>897.550</b>

As previsións 2024 doutros ingresos de explotación proceden da prestación de servizos tanto asistenciais (a outras entidades públicas, privadas e particulares) como de investigación científico-técnica á comunidade científica.

#### Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIONES CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Axudas INVESTIGO 2022 C.Emprego	42.768	22.505	
Axudas INVESTIGO 2023 C.Emprego		41.476	28.793
Axudas RRHH PRINCIPIA GAIN	6.236	15.754	
Axudas RRHH TALENTO GAIN	14.620		
Contrato-programa SERGAS/FPGMX	7.032.400	7.147.756	7.165.985
Convenio GAIN/FPGMX I+D+i	22.629	35.000	35.000
<b>TOTAL</b>	<b>7.118.653</b>	<b>7.262.491</b>	<b>7.229.778</b>

	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Subvencións Correntes Recibidas do Estado	175.075	64.143	38.000
Subvencións Correntes Recibidas da UE			
<b>TOTAL</b>	<b>175.075</b>	<b>64.143</b>	<b>38.000</b>

No plano asistencial, o 31 de marzo de 2022 o Consello da Xunta aprobou o Contrato-Programa SERGAS/FPGMX 2022-2023 para a realización das análises xenéticas no ámbito do Servizo Galego de Saúde. O seu financiamento estímase para o exercicio 2024 por un importe de 7.165.986 € nas aplicacións orzamentarias 412A dos distintos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde.

En materia de actividade investigadora e outras transversais referir as axudas recibidas da Comunidade Autónoma para a contratación de persoal investigador, de apoio á I+D+i e técnico así como as transferencias recibidas do Estado para o desenvolvemento da actividade propia investigadora.

## GASTOS

### Gastos de persoal

	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Nº Empregados	52,15	57	60
Custo Total	2.147.973	2.368.005	2.736.780
Custo Medio	41.188,36	41.543,95	45.613

O gasto de persoal FPGMX dos exercicios 2022-2023-2024 reflicte as retribucións co impacto cuantitativo da adaptación salarial derivada do acordo de negociación colectiva respecto da adhesión temporal da FPGMX ao Convenio Colectivo de Fundacións sanitarias públicas en outubro de 2021 e prorrogado no exercicio 2023.

Doutra banda, a citada partida tamén recolle o impacto cuantitativo do traspaso dos medios persoais (7 efectivos) correspondentes á sucesión na titularidade do Centro de Xenotipado da USC (CEGEN-USC) na FPGMX no exercicio 2022. O gasto de persoal CEGEN/FPGMX ven dado polas condicións previstas nos seus respectivos contratos USC, cuxos termos e condicións se manterán inalterados agás no relativo á consideración da entidade empregadora (concorrenza da sucesión empresarial prevista no artigo 44 do Estatuto dos Traballadores).

As actuacións previstas no Plan Económico-Financeiro e de Reequilibrio FPGMX 2022-2024 refire, entre outras, a preceptiva adaptación dos recursos humanos da estrutura técnica e de xestión actual ás necesidades actuais da entidade co fin de garantir a sustentabilidade da fundación e das súas actividades asociadas.

Neste marco de accións procedeuse, no exercicio 2023, á contratación temporal por circunstancias da produción de sete Adxuntos de laboratorio (redución da demora na realización dos estudos xenéticos encomendados), un técnico de contratación administrativa e un auxiliar administrativo (Plan de Contratación anual da entidade 2023-2024).

No exercicio 2024, mantendo o principio económico de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos, prevese a dotación estrutural de efectivos de plantilla co fin de garantir un equilibrio ou superávit estrutural.

### Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024	PREVISIÓN 2025	PREVISIÓN 2026
Outros servizos	114.862	124.227	218.258	218.258	218.258
Servizos por uso das instalacións do centro asistencial	159.379	159.379	159.379	159.379	159.379
Servizos realizados por outras empresas, transportes e primas de seguros	507.060	507.060	450.000	450.000	450.000
<b>TOTAL</b>	<b>781.301</b>	<b>790.666</b>	<b>827.637</b>	<b>827.637</b>	<b>827.637</b>

Dada a natureza das actividades desenvolvidas pola Fundación, integran a partida económica de servizos exteriores:

- prestacións realizadas por empresas externas, que abranguen, o soporte técnico das infraestruturas (mantemento preventivo/correctivo), o servizo integral de transporte das mostras biolóxicas a analizar (dispersión dos centros hospitalarios galegos), servizos de profesionais independentes, almacenamento e tratamento de grandes volumes de datos, servizos externos de control de calidade, entre outros.

- uso e adecuación ou mantemento das instalacións do lugar de traballo sito no Hospital Clínico Universitario.

- outros servizos de apoio á realización de estudos xenéticos e de xestión da entidade.

### Amortización

DESCRICIÓN	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Dotación amortización inmaterial	11.170	7.623	2.467
Dotación amortización material	430.286	357.285	390.923
<b>TOTAL</b>	<b>441.456</b>	<b>364.908</b>	<b>393.390</b>

Reflicte a depreciación dos bens adquiridos pola FPGMX para o desenvolvemento das súas actividades ordinarias. Salientar que os medios técnicos da unidade produtiva CEGEN/FPGMX, cedidos para o seu uso pola USC e relacionados no Acordo de Sucesión da titularidade figuran totalmente amortizados.

## I.4.2. Previsións Orzamento de capital

### ORIXES

#### Transferencias e subvencións de capital recibidas

SUBVENCIÓN DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Contrato-programa SERGAS/FPGMX		265.000	
Convenio GAIN/FPGMX I+D+i	7.371		
<b>TOTAL</b>	<b>7.371</b>	<b>265.000</b>	<b>0</b>

	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Subvencións de Capital Recibidas do Estado		6.690	
Subvencións de Capital Recibidas da UE			
<b>TOTAL</b>	<b>0</b>	<b>6.690</b>	<b>0</b>

○ “Programa de desenvolvemento de medidas para mellorar a eficiencia e a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde (SNS): consolidación da medicina personalizada de precisión no SNS” refire a implantación das novas tecnoloxías e equipamento necesario co fin de materializar a carteira común de servizos do SNS na área das enfermidades de base xenética. Estímase no 2023 transferencia do SERGAS á fundación co obxectivo da posta en marcha e desenvolvemento do programa.

#### Financiamento alleo a longo prazo

	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Préstamos e Créditos do Estado	16.422	10.953	5.479
<b>TOTAL</b>	<b>16.422</b>	<b>10.953</b>	<b>5.479</b>

○ financiamento alleo relacionado correspóndese coa dotación de infraestruturas subvencionadas polo Estado.

#### Remanente de Tesourería

	2022	2023
1. Fondos líquidos	2.495.783	2.149.900
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	3.662.167	4.172.170
Do orzamento corrente	446.637	965.000
De orzamentos pechados	3.127.170	3.127.170
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais	88.360	80.000
3. Obrigas pendentes de pago (-)	536.283	500.000
Do orzamento corrente		
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais	536.283	500.000
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
<b>I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)</b>	<b>5.621.667</b>	<b>5.822.070</b>



	2022	2023
II. Exceso de financiamento afectado	87.349	101.793
III. Saldos de dubidoso cobro	3.127.170	3.127.170
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	2.407.148	2.593.107

Tras a aprobación do Plan Económico-financeiro e de Reequilibrio 2022-2024 da entidade, a liquidez da fundación estímase en equilibrio nos exercicios proxectados.

## APLICACIÓNS

### Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓNS INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Inmovilizado inmaterial	0	5.000	0
Inmovilizado material	24.376	266.690	0
<b>TOTAL</b>	<b>24.376</b>	<b>271.690</b>	<b>0</b>

A dotación de fondos para a adquisición de inmovilizado non financeiro vai destinada á implantación das novas tecnoloxías e á actualización do equipamento necesario para desenvolver as determinacións incluídas na carteira de servizos Contrato-Programa SER-GAS/FPGMX.



**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024**

**Formulario F.01**

**FUND. DE MEDICINA XENÓMICA**

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
A) Activo non corrente		1.233	1.143	750
I. Inmovilizado intanxible		7	5	2
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares				
4. Fondo de Comercio				
5. Aplicacións informáticas	7	4	2	
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso				
7. Outro inmovilizado intanxible	1	1	1	
II. Bens do patrimonio histórico				
1. Bens inmoebles				
2. Arquivos				
3. Bibliotecas				
4. Museos				
5. Bens móbiles				
6. Anticipos sobre bens do patrimonio histórico				
III. Inmovilizado material	1.225	1.138	747	
1. Terreos e construcións				
2. Instalacións técnicas e outro inmovilizado material	1.225	1.138	747	
3. Inmovilizado en curso e anticipos				
IV. Investimentos inmobiliarios				
1. Terreos				
2. Construcións				
V. Investimentos en empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Investimentos financeiros a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VII. Activos por imposto diferido				
B) Activo corrente	3.063	3.230	3.002	
I. Existencias				
1. Bens destinados á actividade				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Produtos en curso				
4. Produtos terminados				
5. Subprodutos, residuos e materiais recuperados				
6. Anticipos a provedores				
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia				
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	535	1.045	820	
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	88	80	50	
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas				
3. Debedores varios				
4. Persoal				
5. Activos por impostos corrente				
6. Outros créditos coas Administracións Públicas	447	965	770	
7. Fundadores por desembolsos esixidos				
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024**

**Formulario F.01**

**FUND. DE MEDICINA XENÓMICA**

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a curto prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	VI. Periodificacións a curto prazo	32	35	35
	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	2.496	2.150	2.147
	1. Tesourería	2.496	2.150	2.147
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	<b>TOTAL ACTIVO ( A + B)</b>	<b>4.295</b>	<b>4.373</b>	<b>3.752</b>

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024**

**Formulario F.02**

**FUND. DE MEDICINA XENÓMICA**

	BALANCE. PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
A) Patrimonio Neto		3.655	3.760	3.432
A-1) Fondos propios		2.658	2.769	2.769
I. Dotación fundacional/Fondo social		250	250	250
1. Dotación fundacional/Fondo social		250	250	250
2. (Dotación fundacional non esixida/Fondo social non esixido)				
II. Reservas				
1. Estatutarias				
2. Outras reservas				
III. Excedentes de exercicios anteriores		891	2.408	2.519
1. Remanente		891	2.408	2.519
2. (Excedentes negativos de exercicios anteriores)				
IV. Excedente do exercicio		1.517	111	
A-2) Axustes por cambio de valor				
I. Activos financeiros disponibles para a venda				
II. Operacións de cobertura				
III. Outros				
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos		998	992	663
I. Subvencións		78	312	223
II. Doazóns e legados		920	680	440
B) Pasivo non corrente		16	11	5
I. Provisións a longo prazo				
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ao persoal				
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras previsións				
II. Débedas a longo prazo		16	11	5
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		16	11	5
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido				
V. Periodificacións a longo prazo				
C) Pasivo corrente		624	602	314
I. Provisións a curto prazo				
II. Débedas a curto prazo		87	102	38
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		87	102	38
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a curto prazo				
IV. Beneficiarios-Acreedores				
V. Acreedores comerciais e outras contas a pagar		536	500	276
1. Proveedores		113	125	101
2. Proveedores, empresas e entidades do grupo e asociadas				
3. Acreedores varios		423	375	175
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)				
5. Pasivos por imposto corrente				
6. Outras débedas coas Administracións Públicas				
7. Anticipos recibidos por pedidos				
VI. Periodificacións a curto prazo				
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)</b>		<b>4.295</b>	<b>4.373</b>	<b>3.752</b>

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024**

**Formulario F.03**

**FUND. DE MEDICINA XENÓMICA**

	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO				
1. Ingresos da entidade pola actividade propia		7.294	7.327	7.268
a) Cotas de asociados e afiliados, y aportaciones de usuarios				
b) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións				
c) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados de explotación imputados o excedente do exercicio		7.294	7.327	7.268
d) Reintegro de axudas e asignacións				
2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil		352	331	897
3. Gasto por axudas e outros				
a) Axudas monetarias				
b) Axudas non monetarias				
c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno				
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados				
4. Variacións de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación				
5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo				
6. Aprovisionamentos		-3.720	-4.313	-4.536
7. Outros ingresos de explotación			4	1
8. Gastos de persoal		-2.148	-2.368	-2.737
a) Soldos, salarios e asimilados		-1.614	-1.777	-2.158
b) Cargas sociais		-534	-591	-579
c) Provisións				
9. Outros gastos de explotación		-781	-791	-828
a) Servizos exteriores		-781	-791	-828
b) Tributos				
c) Perdas, deterioros e variación de provisións por operacións comerciais				
d) Outros gastos de xestión corrente				
10. Amortización do inmovilizado		-441	-365	-393
11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao resultado do exercicio		321	278	328
12. Excesos de provisións		644		
13. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado				
a) Deterioros e perdas				
b) Resultado por alleamentos e outras				
14. diferenca negativa de combinacións de negocio				
15. Outros resultados				
Gastos excepcionales				
Ingresos excepcionales				
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13+14+15)		1.520	103	
16. Ingresos financeiros			11	12
a) De participación en instrumentos do patrimonio				
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros			11	12
17. Gastos financeiros		-3	-4	-12
a) Por débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas				
b) Por débedas con terceiros.		-3	-4	-12
c) Por actualización de provisións				
18. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros				
19. Diferencias de cambio				
20. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros				
21. imputación de subvencións, doazóns e legados de carácter financeiro				
22. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro				
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (16+17+18+19+20+21+22)		-3	8	
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)		1.517	111	
23. Imposto sobre beneficios				
A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO (A.3+23)		1.517	111	
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO				
1. Subvencións recibidas		7	272	

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024**

**Formulario F.03**

**FUND. DE MEDICINA XENÓMICA**

	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
	2. Doazóns e legados recibidos		3	
	3. Outros ingresos e gastos			
	4. Diferencias de conversión			
	5. Efecto impositivo			
	B.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5)	7	274	
	C) RECLASIFICACIÓN O EXCEDENTE DO EXERCICIO			
	1. Subvencións recibidas	-81	-38	-88
	2. Doazóns e legados recibidos	-240	-240	-240
	3. Outros ingresos e gastos			
	4. Diferencias de conversión			
	5. Efecto impositivo			
	C.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5+6)	-321	-278	-328
	D) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIERECTAMENTE O PATRIMONIO NETO (B.1+C.1)	-314	-4	-328
	E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIO			
	F) AXUSTES POR ERROS			
	G) VARIACIÓN NA DOTACIÓN FUNDACIONAL O FONDO SOCIAL			
	H) OUTRAS VARIACIÓN			
	I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)	1.203	107	-328

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024**

**Formulario F.04**

**FUND. DE MEDICINA XENÓMICA**

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
<b>A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN</b>			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	1.517	111	
2. Axustes no resultado	133	76	74
a. Amortización do inmovilizado (+)	441	365	393
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)			
c. Variación de provisións (+/-)			
d. Imputación de subvencións, doazóns e legados (-)			
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)		-11	1
h. Gastos financeiros (+)	12		8
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)			
3. Trocos no capital corrente	205	-537	-68
a. Existencias (+/-)			
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	216	-510	225
c. Outros activos correntes (+/-)			
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	-192	-36	-224
e. Outros pasivos correntes (+/-)	139	14	-64
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)	40	-5	-5
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	3	4	-9
a. Pagos de intereses (-)			
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)			
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)			
e. Outros pagos/cobros (-/+)	3	4	-9
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	1.857	-346	-3
<b>B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO</b>			
6. Pagos por investimentos (-)	-24	-272	
a. Entidades do grupo e asociadas (-)			
b. Inmovilizado intanxible (-)		-5	
c. Inmovilizado material (-)	-24	-267	
d. Bens do Patrimonio Histórico (-)			
e. Investimentos inmobiliarios (-)			
f. Outros activos financeiros (-)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (-)			
h. Outros activos (-)			
7. Cobros por desinvestimentos (+)			
a. Entidades do grupo e asociadas (+)			
b. Inmovilizado intanxible (+)			
c. Inmovilizado material (+)			
d. Bens do Patrimonio Histórico (+)			
e. Investimentos inmobiliarios (+)			
f. Outros activos financeiros (+)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (+)			
h. Outros activos (+)			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimento (7+6)	-24	-272	
<b>C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN</b>			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio	7	272	
a. Aportacións a toción fundacional o fondo social			
b. Disminucións do fondo social			
c. Subvencións, doacións e legados recibidos (+)	7	272	
10. Cobros e pagos por instrumentos de pasivo financeiro			
a. Emisión			
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (+)			
4. Outras débedas (+)			



**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024**

**Formulario F.04**

**FUND. DE MEDICINA XENÓMICA**

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
b. Devolución e amortización de:			
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (-)			
4. Outras débedas (-)			
11. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10)	7	272	
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+11-D)	1.840	-346	-3
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	655	2.496	2.150
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	2.496	2.150	2.147

